

HOMENAXE A OLGA GALLEGO

Organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordeación Universitaria da Xunta de Galicia (**Santiago de Compostela, 7 marzo 2016**)

OLGA GALLEGO E A CONDICIÓN FEMININA

Pedro López Gómez

Presidente da Fundación Olga Gallego

A Fundación Olga Gallego, que teño a honra de presidir, recibiu a petición da Secretaría Xeral de Cultura, de pronunciar unha conferencia sobre Olga Gallego no día dedicado á muller traballadora. No nome da Fundación agradezo o encargo, que aceptamos gustosos polo que significa de recoñecemento a esta arquiveira e académica ilustre.

Os membros do padroado acordaron que eu era a persoa adecuada para responder a este encargo, dados os meus lazos de amizade, persoais e profesionais con Olga Gallego. E de nada serviron as miñas protestas para eludir o compromiso, e as miñas alegacións de que todos os patróns somos profesionais, que coñecemos a traxectoria profesional da homenaxeada, e que parecería lóxico que fora algunha muller a encargada de glosar a súa figura e que ademais eu xa falara e escribira sobre Olga Gallego en diversas ocasións. As respostas viñeron cargadas de perdigóns, porque precisamente as mesmas razóns que eu aducín volveronse na miña contra, pois os anos de amizade compartida, o coñecemento da súa figura, e a miña condición masculina eran razóns poderosas para asumir o encargo, e especialmente importante era amosar que os homes tamén participamos da loita das mulleres por conseguir a igualdade de dereitos políticos, sociais e económico, nunha sociedade impregnada de tics patriarcais, por dicilo suavemente. Aceptei o compromiso, coa satisfacción de homenaxeala unha vez máis, e volver recordar a súa figura e as súas actividades, especialmente profesionais, en moitas das cales fun partícipe.

Sen dúbida podó tentara transmitir aos oíntes o meu coñecemento sobre Olga Gallego. Pero por suposto, esta vai ser unha visión limitada e parcial sobre a “verdadeira” Olga Gallego. Xa nos costa traballo coñecernos a nós mesmos, aforismo dun dos sete sabios de Grecia, inscrito no frontispicio do templo de Apolo, en Delfos, pese a ser testemuñas da nosa propia existencia e gardiáns da nosa propia memoria, como para poder afirmar que coñecemos a un terceiro, sexa familiar ou amigo, e por estreitos que foran os nosos vínculos con el. Outras persoas poderán achegar visións, experiencias ou relatos máis

comprensivos, máis intensos, u máis descoñecidos, e aquí está a súa irmá Pilar, que podería contar innúmeras anécdotas da súa vida. Eiquí están tamén os seus amigos de Ourense, que coñecen de preto o seu tránsito diario do seu domicilio a carón da Praza Maior de Ourense, para o Arquivo Histórico Provincial, do que foi directora ata o seu falecemento, E outros moitos colegas que compartiron inquietudes e responsabilidades asociativas en Anabad Galicia, o antecedente do que é hoxe Bamad.

Pero cada un achega a súa visión conformada a través de experiencias compartidas, e é esa visión propia a que eu tentarei hoxe transmitir a este público amigo. Amigo, porque a persoa de Olga sempre inspirou admiración e afecto aos que se achegaron a ela e a trataron, tanto no plano persoal como no profesional, pese a ofrecer un aire distante, froito dunha certa timidez e reserva iniciais, que se foi facendo máis próximo, conforme o seu cabelo se ía branqueando coa idade. Hoxe, esa cabeleira branca e as súas grandes gafas, que protexían os seu ollos debilitados pola continua lectura de documentos históricos, moitos de difícil interpretación paleográfica, forman parte do logos que ostenta a nosa Fundación.

Pero ademais de tentar unha visión retrospectiva dunha experiencia común en certas actividades de ocio ou de traballo, na investigación e na docencia, gustaríame tamén imaxinar, a partir desa experiencia cal sería a resposta de Olga Gallego a algúns dos problemas con que se atopan as mulleres hoxe en día, problemas compartidos tamén por un gran número de varóns, pero que se agravan dolorosamente no caso das femias.

Centrareime no que eu denomino as tres pes, en non quero que vexan niso nisto ningunha significación política: as pes á que me refiro son as da pobreza, o paro e a precariedade, que afectan a homes e mulleres, pero en maior grao a estas que aqueles

En primeiro lugar, a **pobreza**

Segundo datos da Enquisa de Condicións de Vida elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) a partir dos datos do ano 2013, o último da crise económica, a taxa de persoas en risco de pobreza ou exclusión social representa en España o 29,2% da poboación (era do 26% en 2010)¹. E un total de 672.123 habitantes de Galicia áchase en risco de pobreza ou exclusión, o que supón 15.714 máis que en 2009, segundo os datos do cuarto informe sobre 'O Estado da Pobreza en España' que presentou recentemente a Rede

¹ PRATS, Jaime. “La población en riesgo de pobreza o exclusión social, crece hasta 29%.” *El País*, 26 mayo 2015:http://economia.elpais.com/economia/2015/05/26/actualidad/1432626857_809310.html (Consulta 29 febrero 2016).

Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español (EAPN), no 2013²..

Olga Gallego non tivo que sufrir esa penosa experiencia. Naceu, o 8 de decembro de 1923, no seo dunha familia de clase media, acomodada, con certas propiedades rústicas na zona de Allariz, tanto fincas como casas, e varios predios urbanos en Ourense capital, ademais do piso dobre no que habitaron os catro irmáns. Manuel o maior, dedicado ao comercio, Pilar, farmacéutica, Olga, arquiteira, e Luís, médico pediatra. Orfos de nai desde unha idade temperá, pois a súa nai faleceu en 1931, a súa tía Coronas foi a referencia maternal mentres viviu. Sen dúbida esta circunstancia debeu influír na vida dos tres irmáns, que salvando o período formativo universitario de cada un deles, en Santiago, Madrid, ou Granada, viviron xuntos en Ourense, como unha piña, ata o sucesivo falecemento de Manuel, Luís e Olga. Non tiveron, por tanto, preocupacións económicas, salvo as causadas pola administración das propiedades familiares, ou non caso de Olga, a maior, a intendencia familiar, e a atención á casa, e aos seus irmáns.

No segundo lugar, **o paro**

Segundo a EPA (Enquisa de Poboación Activa), Galicia rexistra 222.800 desempregados, no terceiro trimestre do 2015, 35.400 menos que fai un ano, o que supón un descenso do 13,7%. O número de traballadores sitúase en 1.039.000. Desta forma, a taxa de paro o de 17,66% para ambos os dous sexos (16,67% para homes e 18,75% para mulleres) a de actividade do 53,53% (58,76% e 48,73%, respectivamente)³.

Olga Gallego non soubo o que era tal catástrofe. Desde idade temperá tivo oficio e o beneficio correspondente. Licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago, formada en humanidades, por tanto, como toda rapaza de boa familia. Pero imbuída do espírito práctico da súa propia familia, non ficou no mero cultivo do espírito, senón que aspirou, e obtivo, un rendemento dos seus coñecementos, ao ingresar primeiro, en 1955, no Corpo de Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos, e posteriormente, en 1958 no de Facultativo de Arquivos, Bibliotecas e Arqueólogos, como se denominaban entón os museólogos.

² El Faro de Vigo, 10 febrero 2015): <http://www.farodevigo.es/galicia/2015/02/10/672000-gallegos-riesgo-pobreza-o/1181782.html> (Consulta 29 febrero 2016).

³ "El paro bajó en Galicia en 29.600 personas en el tercer trimestre del año". Faro de Vigo, 22 octubre 2015: <http://www.farodevigo.es/economia/2015/10/22/paro-galicia-29600-personas-tercer/1336410.html> (Consulta 29 febrero 2016).

Estamos en pleno franquismo, e as únicas profesións consideradas decentes para unha muller, segundo un dito da época, eran a de monxa, mestra ou bibliotecaria, que lles permitía desenvolver unha vida autónoma, ter independencia económica da familia, e acceder ao coñecemento, á investigación e ao desempeño de cargos administrativos dunha certa responsabilidade. Vexamos estas facetas en relación á súa vida e investigacións:

- a) A vida relixiosa constituía unha tradición na sociedade hispana, e permitiu ás mulleres cultivar o seu espírito e ter certos ámbitos de poder, como foi sinalado por Ofelia Rey para a sociedade galega, *Historia de las mujeres en Galicia*⁴, ou por Margarita Suárez para a limeña no seu traballo titulado “El poder de los velos: monasterios y finanzas en Lima. Siglo XVII”⁵. Pero, pese a ser crente e practicante, non me consta que tivese unha especial querenza pola vida relixiosa. É máis, traballando con ela na descrición de documentos relativos á Escola de Cristo de Santiago, que publicamos co subtítulo de "Un foco de religiosidad conservadora en Galicia",⁶ que reflectían o pietismo e a espiritualidade vana deste grupo santiagués, elitista e pechado, con notable paralelismo con certos grupos actuais moi vinculados ao poder, cuxo nome non quero dar pero que todos podemos sobreentender, desprendíase dos seus comentarios unha fina ironía que non negaba os meus, máis radicais polo meu laicismo descrido.

E tamén lembro a súa diversión cando elaborabamos un artigo sobre a Confraría de Santiago dos Cabaleiros de Ourense e os seus banquetes festivos⁷, no que o importante non era o aspecto relixioso do tema, senón as enchedelas e entretementos organizados polos mordomos da confraría, na festividade do santo, con grave quebranto da economía dos organizadores, remisos a se facer cargo do custo da festa, o que era

⁴ REY CASTELAO, Ofelia; RIAL GARCÍA, Serrana. Historia de las mujeres en Galicia. Idade Moderna. Santiago: Xuntade Galicia: Nigratrea, 2010, pp.211-252, capítulo “Cultura y educación”.

⁵ SUÁREZ, Margarita. “El poder los velos: monasterios y finanzas en Lima. Siglo XVII”. P. Portocarrero (comp.). Estrategias de desarrollo: intentando cambiar la vida. Lima: Flora Tristán, 1993, pp. 165-174.

⁶ "La escuela de Cristo de Santiago. Un foco de religiosidad conservadora en Galicia" / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. Compostellanum. Sección de Estudios Jacobeos, Santiago de Compostela, XXXVIII, 3 - 4 (julio-diciembre 1993) 435-465.

⁷ La Cofradía de Santiago de los Caballeros de Ourense y sus banquetes festivos / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. En: JORNADAS DE CASTILLA-LA MANCHA SOBRE INVESTIGACIÓN EN ARCHIVOS (5º. 2001. Guadalajara). Iglesia y Religiosidad en España: Historia y Archivos: Actas de las V Jornadas de Castilla-La Mancha sobre Investigación en Archivos: Guadalajara, 8-11 de mayo 2001 / Archivo Histórico Provincial de Guadalajara. [Toledo]: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha; Guadalajara: Anabad Castilla-La Mancha: Asociación de Amigos del Archivo Histórico Provincial de Guadalajara, 2002, v. 3, pp. 1455-1485.

motivo para lles compeler coas súas obrigas incluso por vía xudicial. Fartas interminables, no marco dun festexo suntuoso e interminable con desfiles, procesións, torneos e xogos, para entretemento do pobo e lucimento dos seus dirixentes.

Era lóxico que os grandes cenobios ourensáns atraesen a atención de Olga Gallego, quen seguiu a estela de Ferro Couselo no seu interese polas institucións eclesiásticas da provincia, os fondos documentais dos cales escaparon ás incorporacións que procedentes de toda España orixinaron a sección de Clero do Arquivo Histórico Nacional; por azar da historia, quedaron na cidade de Ourense, e constitúen hoxe unha parte moi significativa do seu AHP.

O grandioso mosteiro de Celanova⁸, fundación de San Rosendo, foi obxecto da súa atención, reconstruíndo, a través do Catastro de Ensenada, a extensión dos señoríos xurisdicionais que posuía na provincia de Ourense, o número de vasalos que radicaban neles e as rendas de tipo señorial, xurisdiccional e territorial que neles percibía.

Tamén o non menos importante de Oseira, de gran significado económico⁹, chama a súa atención, así como o antigo, rico, señorial e feminino de Santa Clara de Allariz, nas celebracións do 700 aniversario do cal participou, historiando a súa xurisdicción, dominio señorial e bens¹⁰.

A comarca da Limia, de gran riqueza, foi lugar de asentamento monacal significativa¹¹, aínda que non comparable á Ribeira Sacra, que contempla unha das acumulacións patrimoniais de arquitectura sagrada de España, restos pétreos da relevancia que deixou a presenza da relevancia que deixou a presenza eremítica, cenobítica e de señoríos eclesiásticos da zona, que podemos exemplificar en San Estevo de Ribas de Sil e que tamén foron obxecto do seu estudo, integrado en propostas de recuperación e rehabilitación¹².

⁸ “El monasterio de Celanova a mediados del siglo XVIII”. Boletín Avriense, VII (1977) 155-171.

⁹ “La feria de Carballiño y el monasterio de Oseira”. La Voz de Galicia. Cuaderno de Cultura, Año V, n. 297, (27-XI-1986).

¹⁰ “El coto de Santa Clara de Allariz”. Santa Clara de Allariz. 7º Centenario da fundación. Ourense, 1986, pp. 139-143.- “Dominio y bienes de Santa Clara”. Santa Clara de Allariz. 7º Centenario da fundación. Ourense, 1986, pp. 43-61.

¹¹ “Os señoríos e mosteiros da Limia no Antigo Réxime”. Lethes. Cadernos Culturais da Limia, n. 3 (2001) 35-57.

¹² Estudio piloto previo e propostas de recuperación e rehabilitación da Ribeira Sacra. Santiago:

- b) Mestra non foi, pero ao longo da súa vida amosou unha clara vocación docente, coincidente coa miña, e que canalizou a través de cursos e conferencias, impartidas tanto no ámbito académico, en masteres e cursos de posgrao, como no ámbito asociativo, dentro das actividades de Anabad, de Anabad-Galicia, o antecedente da actual Bamad, e no ámbito administrativo, na Escola Taller de Arquivos, ou en cursos organizados polo Ministerio de Cultura ou pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Dotada dunha especial empatía para conectar cos alumnos, podo afirmar que foi moi querida por estes, e especialmente polos da Escola Taller de Arquivos, que gardan un grato recordo seu.
- c) Bibliotecaria. Descartada a vida relixiosa, e a docente a tempo completo, abríaselle a terceira das vías indicadas anteriormente, a de bibliotecaria. Claro que o refrán, ao que non podemos pedir moita fineza, debía incluír nesta profesión as de arquivista e museólogo. De feito, o seu ingreso no Corpo Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos levouna en 1955 á Biblioteca Pública de Ourense; e o seu paso mediante oposición libre tamén, a ingresar en 1958 no Corpo Facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Museólogos, e primeiro á dirección da praza mixta do Arquivo da Subdelegación de Facenda e da Biblioteca Pública de Vigo; e a partir de 1969, ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense, a dirección do cal levou ata a súa xubilación en 1989. Podemos afirmar que a súa profesión foi de arquivista, para a que estaba especialmente preparada pola súa sólida formación no que denominamos ciencias historiográficas, especificamente en paleografía e diplomática, e os seus coñecementos históricos, pero exerceu con igual habilidade a de bibliotecaria, e tivo unha clara afección á arqueoloxía e interese pola etnografía e museografía, sen dúbida contaxiada por Ferro Couselo, director que foi do Museo e do Arquivo Histórico Provinciais, con que lle uniu estreita amizade familiar e a quen sucedeu no Arquivo.

Esta situación profesional no campo da documentación, unido á dispoñibilidade xenerosa do seu tempo e traballo, levouna a colaborar en diversas institucións, na organización dos seus arquivos e bibliotecas, e podemos citar o Instituto Santa Irene de Vigo, a Fundación Otero Pedrayo e a Fundación Penzol, o Arquivo Diocesano, Museo e Biblioteca Pública de Ourense, e tamén á participación en grupos de investigación e asociacións, como o Grupo Marcelo Macías, do que foi membro, secretaria e presidenta (desde 1972), o Grupo de

Arquiveiros de Galicia, ou Anabad Galicia, asociación na que desempeñou diversos cargos, incluída a presidencia.

Nas súas publicacións tamén se manifestou a súa preocupación polas bibliotecas, como a nobiliaria e renacentista do Conde de Ribadavia, don Enrique Enríquez, fillo e irmán do terceiro e cuarto Almirante de Castela, que coñecemos a través do inventario dos seus bens que mandan facer os seus testamentarios en 1534 no seu pazo de Villabrágima¹³; ou bibliotecas das ordes relixiosas da provincia de Ourense no Antigo Réxime¹⁴. Pero é a riquísima biblioteca da Fundación Penzol¹⁵, na descrición de cuxas coleccións colaborei, a que será obxecto maior dos seus afáns, reflectido na guía que publicamos. E xunto coas bibliotecas, e como complemento natural, o seu interese polos libeiros, concretamente polos libeiros ourensáns do Antigo Réxime¹⁶.

Da súa época de arquivista bibliotecaria en Vigo teño unha estupenda anécdota. Nova impulsiva e traballadora, constatou a escasa entidade da Biblioteca Pública de Vigo, consorciada entre o Concello e o Ministerio de Educación (aínda non existía aínda o de Cultura, creación da transición constitucional), as misérrimas instalacións da cal cheguei a coñecer, e pediu audiencia o alcalde do momento, ao que expuxo a conveniencia de que Vigo dispuxera dun centro acorde coa importancia da cidade. Foi despedida con caixas destemperadas, e cunha frase que manifesta o espírito de certos responsables públicos, en relación cos arquivos e bibliotecas. “Señorita, Vigo medrou sen bibliotecas, e seguirá medrando sen que sexan necesarias”. Precisamente a inexistencia dunha biblioteca pública axeitada será un dos motivos –o principal- polo que Fermín Penzol determinou radicar en Vigo a súa magnífica biblioteca, unha das máis importantes da comunidade galega, e instalada actualmente na Casa da Cultura. A Biblioteca Romin substituíu a catividade da Alameda, e xunto coas universitarias,

¹³ “La biblioteca del Conde de Ribadavia, D. Enrique Enríquez (¿-1534)”. En: Homenaxe a Daría Vilariño.- Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade, 1993, pp. 355-386.

¹⁴ “As bibliotecas das Ordes Relixiosas no Ourense do Antigo Réxime”. Homenaxe a Xaime Isla Couto.- Vigo: Galaxia, 1996, pp. 127-133.

¹⁵ Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol/ Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. Vigo: Fundación Penzol, 1980, 36 p., 2 h., [6] f. de lám. Publicado tamén en castellano: “Guía de las colecciones bibliográficas y documentales de la Fundación Penzol”/ Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez En: Bol. de Archivos, Madrid, III, 7 (enero marzo 1980) 47-59.

¹⁶ “Libreros ourensanos de los siglos XVI al XVIII”. Un universo literario en cien miradas. Homenaje al libro desde Ourense.- Ourense: Agrupación de Libreros de Ourense, 2002.

Vigo ofrece hoxe en día outro panorama, susceptible, sen dúbida, de mellora, pois carece dunha rede comparable á municipal da Coruña. No entanto, o mesmo que lle pasa a Santiago, carece de arquivista municipal, o que se se sinala produce anoxo aos seus responsables, como se indicalo fora unha afronta, en vez dunha constatación. A Fundación Olga Gallego prepara unhas xornadas sobre arquivos municipais, para fins de ano, nas que trataremos de sacar á luz os problemas destes centros e do patrimonio documental que albergan.

No terceiro lugar, a **precariedade**.

Das tres pes sinaladas ao principio, a **precariedade** tampouco non afectou a Olga Gallego. Precariedade que leva a moitas mulleres, a case todas as mozas galegas, a se formular a dificultade da maternidade, independentemente de que dispoñan ou non de parella, porque os baixos salarios, a temporalidade, a presión das empresas cara as mozas embarazadas, e a falla de apoio das administracións públicas, fai que o ter fillos se converta nunha heroicidade. De feito, como sabemos polas estatísticas, Galicia é unha das rexións europeas con máis baixa taxa de natalidade, o que constitúe, sen dúbida, un problema de primeira orde, e unha catástrofe a medio prazo, pois significa que non hai renovación dos recursos humanos, que é tanto como dicir que non hai futuro. A iso engádese a renuncia á maternidade que moitas mulleres escollen libremente, pese ás presións sociais e familiares, a á marxe dos condicionantes económicos. En España calcúlase que entre as nacidas nos 70, un 25% non terán descendencia¹⁷.

Olga Gallego non tivo fillos. Non casou o que hoxe en día non é óbice para que as mozas decidan, se queren se nais. Pero non eran así os tempos do franquismo. E seguro que non lle faltaron pretendentes, pois foi unha moza bonita. Pero escolleu a independencia económica e intelectual. Agora ben, iso non foi obxecto de conversación entre nós, pese á nosa amizade, e habería que recorrer á súa irmá Pilar, para saber algo sobre a súa vida sentimental.

Si coñezo, en troques, cales foron as súas preocupacións intelectuais, manifestadas a través das súas investigacións, boa parte delas compartidas comigo. Á miña chegada á dirección do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, en 1974, tiven a boa idea de contactar con Olga Gallego, directora do de Ourense, quen se dúbida debía –como así era- ter problemas comúns aos que se me formulaban no meu traballo de arquivista, e tamén – como era igualmente- solucións que podería aplicar. Naceu así unha estreita

¹⁷ GALINDO, Cristina. “Ser padres es solo una opción”. El País. Domingo 28 febrero 2016, Ideas, p. 2.

colaboración que se manifestou en artigos, comunicacións e relatorios, e monografías diversas, en colaboración, ou en paralelo, sobre temas de interese común, que amosaban a súa preocupación polos aspectos sociais, pola organización e apertura dos arquivos, e a difusión da información e o coñecemento.

Gustaríame citar, como imprescindibles, en relación cos arquivos e a Arquivística, a súa guía do Arquivo Histórico Provincial de Ourense¹⁸, en paralelo á que realicei para o de Pontevedra; as propostas que fixemos sobre clasificación de fondos dos arquivos históricos provinciais¹⁹; os manuais que preparamos de Arquivística, en galego, traducido posteriormente ao castelán e ao euskera²⁰, o seu sobre arquivos familiares²¹, os seus traballos sobre o catastro do Marqués da Ensenada²², e a monografía que fixemos conxuntamente sobre o documento de arquivo, tan citada no campo da paleografía e diplomática moderna²³.

Os seus méritos no campo da historia foron tamén recoñecidos pola Real Academia Galega, da que foi nomeada correspondente en 1980, e individuo de número en 1986, sendo a primeira muller que tomou posesión do seu asento en tan significativa institución, cun discurso sobre barcas e barcaxes na provincia de Ourense durante o Antigo Réxime²⁴. As súas achegas á historia de Ourense, cidade e provincia, convertérona nun referente indispensable na

¹⁸ Archivo Histórico Provincial de Orense. Guía del investigador / prólogo de Antonio Gil Merino. Ourense: Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1977, 2 h. 1 map. pleg., 142 p., láms.

¹⁹ Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas. Subdirección General de Archivos, 1980, 79 p., 14 lám.- Organización de Fondos de los Archivos Históricos Provinciales / Comisión Técnica de Archivos Históricos de la ANABAD. Pedro López Gómez, coordinador. Madrid: Anabad, D.L 1994, 111 p.; il. (Col. Estudios).

²⁰ Artxibistikan Sarrera = Introducción a la Arquivística. / Olga Gallego Domínguez. Pedro López Gómez. Traducción al euskera: Lankor. Vitoria Gasteiz: Eusko Jaurlaritzaren Argitalpen Zerbitzu Nagusia = Servicio Central de Publicaciones. Gobierno Vasco, 1989, 121 p. (Ikerlanak I). Texto bilingüe castellano-euskera. Texto completo en Consello da Cultura Galega. Album de Mulleres. Olga Gallego Domínguez, 2011: http://www.culturagalega.org/album/docs/232_59.pdf .- Introducción na Arquivística / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. Vigo, Anabad, 1985, 85 p., 2 h. (Anabad Galicia, Estudios; 1).

²¹ Manual de archivos familiares. Madrid: Anabad, 1993, 109 p., il. (Colección manuales).

²² El Catastro del Marqués de la Ensenada en la provincia de Orense. [S.l.] (Vigo: Artes Gráficas Galicia): [s.n.]: Anabad, 1985, 64 p., 6 p. de lám. (Anabad Galicia. Estudios; 2). - El Catastro de Ensenada de la provincia de Orense: catálogo / dirigido por Olga Gallego Domínguez, con la colaboración de Elisa Fernández Suárez. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1989, 155 p., il.

²³ El Documento de archivo. Un estudio / Pedro López Gómez, Olga Gallego Domínguez. A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións, 2007, 289 p. (Monografías; 126).- Reimpreso en 2008.

²⁴ As barcas e as barcaxes da provincia de Ourense no Antigo Réxime, discurso lído o 15 de novembro de 1986 no acto da súa recepción pola ilustrísima Sra. Olga Gallego Domínguez e resposta do Excelentísimo Sr. Antonio Gil Merino. A Coruña: Real Academia Galega, 1986.

bibliografía local²⁵. E a súa obra póstuma, sobre economía e sociedade na Limia, e da que aínda puiden saber por parte da propia Olga Gallego, publicada con todo coidado polo Grupo Marcelo Macías no *Boletín Avriense*, constitúe tamén un modelo na utilización das fontes na investigación histórica²⁶.

De todas as súas investigacións, poucas se refiren ás mulleres, desde a perspectiva de xénero, pois a muller adoita acompañar o marido, irmán ou pai nas accións documentadas, como nos presenta na biografía dos condes de Ribadavia, dona Francisca Sarmiento e don Enrique Enríquez²⁷. Quero traer a colación dúas das máis relevantes: Unha, a titulada “Unha dama e tres linaxes ourensáns implicados nun homicidio no século XVI”, relativa ao famoso “ruído no que estivo envolta D^a Inés Pérez de Belmonte, dama ilustre ourensá, e na que morreu o seu esposo, o rexedor Roi Vázquez Enríquez, sendo sinalados culpables don Diego de Oca Sarmiento e os seus criados, aquel tamén rexedor, con que casaría a viúva posteriormente tras outorgarlle o seu perdón. Suceso este que vale a Olga Gallego para reconstruír as tres liñaxes, - Belmonte, Enríquez e Oca- e as súas relacións económicas e sociais²⁸. Liñaxes que, como grandes titulares de señoríos, - xunto coa igrexa-beneficiaban á fidalguía intermediaria con mercedes e con foros, que pola súa vez estes aforaban aos campesiños, base da pirámide en que se estratificaba a sociedade galega do Antigo Réxime.

A outra publicación, coa que Olga Gallego entra na historiografía de xenéro por dereito propio, é o seu traballo titulado *Historia da Muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII*.²⁹ Mulleres que xiran, no contexto patriarcal

²⁵ A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos / Ourense: Grupo Marcelo Macías. Museo Arqueolóxico Provincial, 2001, 282 p., il. (Col. Boletín Avriense. Anexo 27).- La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 1988, 204 p., lám., 1 map. pleg. (Boletín Avriense. Anexos; 10).

²⁶ “Os señoríos xurisdiccionais da comarca da Limia no Antigo Réxime”. En: Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso Histórico e Ordenación do Territorio / Xulio Rodríguez González, de. Coruña: Xunta de Galicia, Fundación Barrié, 2013, pp. 121-136.- “Economía e sociedade da Alta Limia no Antigo Réxime”. En: Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso Histórico e Ordenación do Territorio / Xulio Rodríguez González, de. Coruña: Xunta de Galicia, Fundación Barrié, 2013, pp. 139-149.- “Os señores dos pazos da Alta Limia”. En: Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso Histórico e Ordenación do Territorio / Xulio Rodríguez González, de. Coruña: Xunta de Galicia, Fundación Barrié, 2013, pp. 151-162.- “Os mosteiros da Limia no Antigo Réxime”. En: Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso Histórico e Ordenación do Territorio / Xulio Rodríguez González, de. Coruña: Xunta de Galicia, Fundación Barrié, 2013, pp. 165-192.

²⁷ Os condes de Ribadavia. D^a Francisca Sarmiento e D. Enrique Enríquez. Notas Documentais. Ourense: Grupo Marcelo Macías, Museo Arqueolóxico Provincial, 2009, 188 p. (Boletín Avriense. Anexos; 31).

²⁸ “Unha Dama e tres linaxes ourensáns implicados nun homicidio no século XVI” / Olga Gallego Domínguez, Francisco Fariña Busto. Boletín Avriense, XXX (2000) 117-168. *

²⁹ Historia da muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: Servizo Galego de Igualdade; [Ourense]: Grupo Marcelo Macías, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, 2008, 332 p., pp. 11-19.

do Antigo Réxime, arredor do pai, do esposo, dos irmáns e titores, no seu papel secundario, en calidade de esposas, viúvas, nais, fillas, tías, sobriñas, etcétera, aínda que ás veces teñan unha certa autonomía en determinadas profesións ou dedicacións, como libreiras, boticarias, mercadores ou fidalgas. A súa desigualdade xurídica e educativa non era cuestionada, a a súa valoración, positiva no Renacemento, pola presenza de grandes mulleres como Santa Teresa ou Isabel a Católica, sufriu a ofensiva da Contrarreforma, e houbo que esperar ao século XVIII para atopar defensores da súa valía intelectual nas figuras de Feijóo – e Sarmiento, lembramos nós- no seu *Teatro crítico*, carta 16, “En defensa de las mujeres”, e nun feixe de ilustrados que promoverán a educación da muller para facilitar a súa incorporación ao mundo do traballo e a cultura³⁰. Olga Gallego fai unha recollida de documentos, que analiza e comenta, sobre unha variada tipoloxía de mulleres, algunhas delas con oficios propios, e nas máis variadas situacións en relación ao varón, sometidas a vinganzas, raptos, separacións, unións non canónicas, enfrontadas á acción xudicial e á supervisión da Igrexa e incluso da Inquisición. De todos estes casos, elixín un para pecha esta exposición, que me parece sumamente ilustrativo: o de Bárbara de Carranza.

Esta Bárbara de Caranza, sobriña do cóengo Luis de Carranza – filla en realidade – foi esplendidamente dotada polo seu pai, en 1556, para casar con Alonso de Piñeiro, veciño da Coruña, coa condición de que morta sen fillos, o viúvo só podería dispoñer da terceira parte, regresando o resto ao cóengo ou os seu herdeiros. Nada máis se sabe do matrimonio ata 1570, en que Bárbara é acusada polo seu marido de adulterio cun tal Villafranca, con que se enredara, di Olga, e por tanto, segundo as leis de Toro, podían ambos os dous ser mortos polo marido, para lavar co seu sangue a afronta, aínda que non podería reclamar a dote³¹. Así se fixo, nun estrado erguido para o efecto na Praza Maior de Ourense, e nada mellor que a transcripción da acta que levanta o escribán Fernán Pérez de Lemos³², que presenciou o espectáculo desde a ventá da casa do mercador Juan Gómez, e que leva o seguinte título:

Muerte de la muger de Piñeyro, hija del canónigo Carança, y Villafranca:

En la ciudad de Orense, lunes entre tres y quatro oras del mes de abril de mill y quinientos y setenta anos, Piñeyro, natural de la Coruna, en la plaza pública de la dicha ciudad y en un cadahalso que tenía un repostero, con una espada que traya en la çinta mató a su muger, hija del canónigo Carança,

³⁰ [Historia da Muller...](#) pp. 14-17.

³¹ [Historia da Muller...](#) pp. 87-88

³² [Historia da Muller...](#) p. 325.

por deçir que le auía fecho adulterio con un tal Villafranca al qual ansymesmo mató el dicho Piñeiro en el dicho cadahalso y mató primero a la muger que al adúltero y el adúltero estaua syn belo ni otra cobertura ninguna sobre los ojos, arremetió a él con furia y hechado en el tablado andubo rebolbiéndose de una parte a otra con grillos y esposas, rehusando la muerte, todavía le mató y dos bezes fue a él con la espada, la qual metyó en las baynas syn alinpiarla.

Acompañaban ao marido García de Cantos, solicitador do Conde de Monterrei, e levaba, di o escribán, un negro con el, que supoñemos escravo. Estaban presentes varios frades de San Francisco e dous alguacís da Audiencia real, Bartolomé Sotelo e Alonso Méndez. O Piñeiro foi prendido polo xuíz da cidade, a pedimento do herdeiro do cóengo Caranza, sen que teñamos máis noticias.

Este espantoso suceso, desenvolvido ante a xustiza, a Igrexa e a sociedade civil, que foron testemuñas cómplices do mesmo, enfróntanos a unha situación de desvalemento da muller ante as crenzas que desprazan o honor dos varóns, ese termo tan etéreo, desde as súas persoas e comportamentos, cara as mulleres que dependen deles, como ocorre aínda en moitos países de culturas e tradicións distintas das nosas. É certo que se botamos a vista atrás podemos contemplar a enorme distancia que se percorreu nas nosas sociedades occidentais, en relación á lexislación e valoración social respecto aos comportamentos individuais, aínda que non por iso os crimes de xénero desaparecen da nosa contorna. Sen dúbida, o traballo de Olga Gallego achegou unha visión retrospectiva do enorme valor, para o coñecemento da situación da muller e da súa evolución no tempo, así como das mentalidades das xentes que acolleron, mantiveron ou souberon cambiar as valoracións que permitirían avanzar no recoñecemento dos dereitos individuais e colectivos das mulleres.